

Ministerio do Interior

Reunión da Mesa Delegada

9/10/2024

---

Na reunión de outubro os temas tratados foron os seguintes:

**Modificación do cadro de persoal:** a D.X. da Garda Civil está facendo un estudo de detección de necesidades en determinados perfís de posto (arquitectas, psicólogos...). Xunto a isto, están estudando unha modificación do cadro de persoal para tentar fidelizar ao seu persoal e atraer a novos efectivos. Ademais, para paliar a situación de falta de persoal (59% de vacantes) están pensando en solicitar la incorporación de persoal interino por vacante.

A DGP di que tamén están estudando a situación de efectivos pero coa boca moi pequena.

**Novas furgonetas para DNI rural:** a previsión é que estean funcionando no primeiro trimestre de 2025. A provincia de Pontevedra vaise dotar con dúas furgonetas, unha para Vigo e outra para Pontevedra. Tamén indicaron que naqueles lugares onde non poida acceder a furgoneta polo seu tamaño ou no caso das persoas que non se poden desprazar ata a furgoneta, seguira usándose o sistema actual.

**Concursos:** no concurso xeral da Garda Civil reunirase este mes a Comisión de Valoración e está prevista a súa resolución a principios de novembro.

Na DGP os próximos concursos que convocará son o xeral e o específico de servizos centrais que se levarán simultaneamente.

**Promoción interna:** na DGP aprobaron a promoción interna ó grupo A2 98 persoas que van quedar na súa totalidade no organismo. Na Garda Civil aprobaron 17 persoas que quedarán tamén no organismo. Os postos que se lles van dar son de nivel 20.

**Protocolo de actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo:** o Ministerio está adaptando o protocolo da Dirección Xeral da Función Pública ás especificidades propias.